

ESTATUTOS do PSdeG-PSOE de OURENSE

Aprobados no Congreso celebrado o 21 de novembro de 2009

ÍNDICE

DISPOSICIÓN XERAIS.

Capítulo I. Principios Organizativos Comúns.

Capítulo II. Procedemento de Elección dos Órganos do Partido no ámbito Provincial.

TÍTULO I. AFILIADOS E AFILIADAS.

Capítulo I. Afiliados e afiliadas.

Capítulo II. Dereitos e Deberes dos militantes e simpatizantes.

TÍTULO II. ASOCIACIÓNS E COLECTIVOS PROVINCIAIS.

TÍTULO III. ESTRUCTURA XERAL E PROVINCIAL DO PARTIDO.

Capítulo I. Estructura xeral.

Capítulo II. Agrupación Provincial.

Capítulo III. Agrupacións Municipais.

Capítulo IV. Coordinadoras Comarcais.

Capítulo V. Organizacións Sectoriais.

TÍTULO IV. ÓRGANOS PROVINCIAIS DO PARTIDO.

Capítulo I. Congreso Provincial.

Capítulo II. Comité Provincial.

Capítulo III. Comisión Executiva Provincial.

Capítulo IV. Comisión Provincial de Control Económico.

Capítulo V. Comisión Provincial de Listas.

Capítulo VI. Declaración de Bens e Actividades.

Capítulo VII. Expedientes Disciplinarios.

Capítulo VIII. Conferencias.

TÍTULO V. ADMINISTRACIÓN E PATRIMONIO.

Capítulo I. Dos poderes.

Capítulo II. Do patrimonio.

Capítulo III. Elaboración de orzamentos.

Capítulo IV. Financiamento, Gasto e Contabilidade.

Capítulo V. Das cotas.

TÍTULO VI. PROCEDIMENTOS ELECTORAIS.

Capítulo I. Selección de candidatos e candidatas.

Capítulo II. Comisión Provincial de garantías electorais.

TÍTULO VII. GRUPOS SOCIALISTAS NAS CORPORACIÓNS LOCAIS E NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.

TÍTULO VIII. XUVENTUDES SOCIALISTAS.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS E FINAL.

DISPOSICIÓN XERAIS

CAPÍTULO I. PRINCIPIOS ORGANIZATIVOS COMÚNS

Artigo 1. A denominación do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE na provincia de Ourense é Agrupación Provincial do PSdeG-PSOE de Ourense, as súas siglas son as de PSdeG-PSOE de Ourense.

Os seus emblemas son a zafra, o tinteiro, a pluma e o libro; o puño e a rosa; e dous cubos vermellos coas siglas PSdeG e PSOE, e o puño e a rosa en branco dentro de cada un deles.

Artigo 2. A función das Agrupacións Provinciais é levar a cabo no seu ámbito a política xeral do Partido, adaptada ás especificidades da provincia e ós problemas dos seus habitantes, de acordo coa política definida para o conxunto de Galicia polo Congreso Nacional Galego, polo Comité Nacional e polas decisións que estime necesario adoptar a Comisión Executiva Nacional Galega, en concordancia cos Estatutos do Partido e coas normas e directrices emanadas dos órganos superiores do Partido.

Artigo 3. A Agrupación Provincial do PSdeG-PSOE de Ourense está integrada na Organización territorial do PSdeG-PSOE, que é unha organización política galega, da clase traballadora e dos homes e mulleres que loitan contra todo tipo de explotación e represión, aspirando a transformar a sociedade para convertela nunha sociedade libre, igualitaria, plural, solidaria, en paz, que loita polo progreso dos pobos e das súas xentes.

Artigo 4. A Agrupación Provincial do PSdeG-PSOE de Ourense ten a autonomía necesaria para celebrar os seus congresos, para dotarse de órganos provinciais propios, para elixir as persoas que forman parte deles e para adoptar resolucións políticas e sectoriais acordos coas peculiaridades e especificidades da provincia, de acordo coa política xeral do Partido e da definida para o conxunto de Galicia polo Congreso Nacional Galego, polo Comité Nacional e polas decisións que estime necesario adoptar a Comisión Executiva Nacional Galega, de acordo coas normas e directrices emanadas dos órganos de dirección do Partido.

Artigo 5. No relativo ós principios que inspiran a organización do Partido e a existencia de Correntes de Opinión aplicarase o previsto nos artigos 3 e 4 dos Estatutos Nacionais e Federais.

CAPÍTULO II. PROCEDEMENTO DE ELECCIÓN DOS ÓRGANOS DO PARTIDO NO ÁMBITO PROVINCIAL

Artigo 6. Os órganos de representación no ámbito provincial serán elixidos de acordo cos seguintes criterios:

1) Elección de órganos Executivos.

a) As Comisións Executivas Municipais e Locais serán elixidas polo sistema de voto maioritario.

b) A Comisións Executiva Provincial serán elixida polo seguinte sistema:

— A elección do Secretario/a Xeral realizarase mediante voto individual, directo e segredo de todos/as os/as Delegados/as do Congreso Provincial. A presentación de candidaturas á Secretaría Xeral debe contar co aval dun mínimo do 20% e un máximo do 30% dos/as delegados/as ao Congreso Provincial.

— A elección da Comisión Executiva Provincial farase mediante o sistema maioritario, a proposta do/a Secretario/a Xeral electo.

As substitucións producidas entre congresos, a proposta do/a Secretario/a Xeral, serán aprobadas pola CEP, que informará ó CP.

2) Elección de Delegados e Delegadas aos Congresos Provinciais e Conferencias, e de membros ó Comité Provincial.

Os delegados e Delegadas aos Congresos Provinciais, os Participantes nas Conferencias Políticas e os membros do Comité Provincial, serán elixidos en listas completas, pechadas, e bloqueadas.

Os membros da CEP non poderán ser Delegados/as polas súas Agrupacións no Congreso Provincial.

No suposto de que existan dúas listas, a minoría que obteña como mínimo un 20 por 100 dos votos válidos terá unha representación proporcional a estes.

En todo caso a lista que consiga a maioría terá dereito á metade máis un dos delegados a elixir.

Cando existan máis de dúas listas e ningunha obteña a maioría, a máis votada terá dereito a unha representación da metade máis un dos cargos a elixir, repartíndose o resto proporcionalmente entre as demais candidaturas que teñan superado o 20 por 100.

TÍTULO I. AFILIADOS E AFILIADAS

CAPÍTULO I. AFILIADOS E AFILIADAS

Artigo 7. Poderán adquirir a condición de afiliados e afiliadas do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE na provincia os cidadáns e cidadás maiores de dezaoito anos, con residencia na provincia de Ourense, que manifesten a súa vontade de colaborar e participar nas actividades do PSdeG-PSOE de Ourense. A condición de afiliado ou afiliada, ben como militante ou simpatizante, adquirese por medio da inscrición no censo correspondente e polo cumprimento dos deberes inherentes.

Poderán tamén afiliarse como simpatizantes os/as cidadáns/ás doutros países residentes na provincia de Ourense que non teñan adquirida a nacionalidade española.

Os e as militantes e simpatizantes do ámbito territorial do PSdeG-PSOE de Ourense aceptan e están obrigados a cumprir as declaración de principios, os programas e os Estatutos do PSOE e do PSdeG-PSOE, así como as resolucións dos órganos Federais, Nacionais e Provinciais do Partido e todas aquelas normas e regulamentos de funcionamento que resulten de aplicación.

Artigo 8. Os afiliados e afiliadas do Partido na provincia procurarán actuar nalgún movemento social. No caso de actuar sindicalmente deberán de facelo, preferentemente, en UGT-Galicia.

Na súa acción social ou sindical deberán aplicar e defender a estratexia do Partido.

Artigo 9. O afiliado ou afiliada que observe mala conduta cívica ou ética, falle ao programa ou aos acordos ou resolucións do Partido, exprese publicamente as súas opinións en termos irresponsables ou con deslealdade ao Partido ou aos seus afiliados e afiliadas, cometa actos de indisciplina, inxurie ou calumnie a algunha persoa afiliada, ou de calquera outra forma viole as obrigas que a todos os afiliados e afiliadas do Partido imponen os seu estatutos, será sancionado, previos os trámites regulamentarios e mediante decisión dos órganos competentes, con medidas que poderán chegar ata a expulsión, en aplicación das normas internas vixentes.

Artigo 10. Os afiliados e afiliadas do Partido na provincia de Ourense non poden prestar o seu apoio nin participar en manifestacións, actos ou calquera outra iniciativa política promovida por outras organizacións, expresamente prohibidas polos órganos do Partido ou que a convocatoria encerre contradicións coas resolucións dos órganos do Partido.

CAPÍTULO II. DEREITOS E DEBERES DOS MILITANTES E SIMPATIZANTES

Artigo 11. En relación cos dereitos, deberes e obrigas dos e das militantes e simpatizantes das Agrupacións Municipais e, no seu caso, de Distrito, da provincia de Ourense, seralles de aplicación o previsto nos capítulos I, II e III dos Títulos I, AFILIADOS E AFILIADAS, dos Estatutos Nacionais e Federais do Partido e o previsto no Regulamento de Afiliados e Afiliadas.

TÍTULO II. ASOCIACIÓNS E COLECTIVOS PROVINCIAIS

Artigo 12. O PSdeG-PSOE de Ourense propiciará en todo os niveis da Organización na provincia a participación, en actividades e reunións do Partido, de persoas, asociacións e colectivos que realicen tarefas relacionadas coas materias propias da súa actuación e actividade na sociedade.

Favorecerase a comunicación e participación dos cidadáns na actividade do Partido na provincia, propiciando e facilitando que as suxestións e propostas da cidadanía da provincia sexan escoitadas e, no seu caso, incorporadas ao debate e resolucións do PSdeG-PSOE de Ourense, así como ós programas políticos e electorais do Partido no ámbito que corresponda.

Artigo 13.

1) O PSdeG-PSOE de Ourense, poderá establecer convenios de colaboración coas asociacións culturais, xuvenís, profesionais, estudantís, ecoloxistas e recreativas; con cooperativas, centros de estudos, organizacións técnicas e clubs de opinión ou similares da provincia, que desenvolvan o seu labor no seo dos movementos sociais e cidadáns, do mundo da cultura, da investigación e da universidade, sempre que nin nos seus estatutos nin nos seus fins existan contradicións cos principios ideolóxicos e resolucións dos Congresos do Partido.

2) A colaboración formalizarase mediante convenio suscrito coa Comisión Executiva Provincial, ó amparo do establecido pola CENG. Nel especificaranse os deberes e os dereitos das entidades colaboradoras, entre os que poderá estar o de participar no Congreso Provincial e no Comité Provincial.

3) O Comité Provincial, na primeira xuntanza que celebre, pronunciarase sobre o convenio de colaboración, requiríndose para a súa aprobación o voto favorable da maioría. En calquera caso, poderase recorrer o convenio suscrito diante da Executiva Nacional Galega, que tamén deberá decidir por maioría.

4) Dos convenios formalizados remitirase copia á CENG.

TÍTULO III. ESTRUCTURA XERAL E PROVINCIAL DO PARTIDO

CAPÍTULO I. ESTRUCTURA XERAL

Artigo 14. O PSOE é unha organización política de carácter federal, constituída sobre a base de Agrupacións de Distrito e Municipais, Insulares e/ou Provinciais e estruturada en Partidos ou Federacións de Nacionalidade ou Rexión.

Artigo 15. A unidade básica de militancia é a Agrupación Municipal e, alí onde exista, a Agrupación de Distrito.

As agrupacións serán responsables do cumprimento das obrigas da militancia e de garantir a súa participación nas tarefas do Partido.

Artigo 16. O ámbito territorial de actuación da Agrupación Provincial é o da provincia; o da Agrupación Municipal, o Concello; e o da Agrupación de Distrito, de existir, será a parte correspondente do termo municipal no que se atope.

As Agrupacións de Distrito, no seu caso, integraranse na respectiva Agrupación Municipal de grande cidade.

Artigo 17. As Organizacións Sectoriais Provinciais forman parte da estrutura provincial do Partido.

Artigo 18. O PSdeG-PSOE de Ourense articúlase, orgánica e territorialmente, en dous niveis: Provincial e Municipal.

CAPÍTULO II. AGRUPACIÓN PROVINCIAL

Artigo 19. A Agrupación Provincial do PSdeG-PSOE de Ourense está constituída polas Agrupacións Municipais e, no seu caso, de Distrito do seu ámbito provincial.

A súa finalidade é levar a cabo no ámbito provincial a política xeral do Partido, adaptada ás especificidades e problemas da provincia, de acordo cos órganos superiores de dirección do PSOE e do PSdeG-PSOE, tal como se establece no artigo 2 destes Estatutos.

Artigo 20. A agrupación Provincial consta dos seguintes órganos: o Congreso Provincial, o Comité Provincial, a Comisión Executiva Provincial, a Comisión Provincial de Control Económico e a Comisión Provincial de Listas

A regulación destes órganos provinciais establécese no TÍTULO IV destes estatutos.

CAPÍTULO III. AGRUPACIÓNS MUNICIPAIS

Artigo 21.

1) A Agrupación Municipal será constituída, no seu caso, pola Comisión Executiva Provincial. Para constituír unha Agrupación será preciso un mínimo de cinco militantes. É a unidade básica de militancia do Partido, salvo que existan agrupacións de Distrito.

2) A Agrupación Municipal está formada por aqueles/as militantes que estando ao corrente no pago das cotas, estean domiciliados ou desenvolvan a súa actividade cotián no ámbito territorial do Concello. A Agrupación Municipal ten autonomía para resolver os asuntos propios do seu ámbito, de acordo co establecido polos órganos superiores do Partido.

3) Ningún militante poderá exercer cargos orgánicos noutra Agrupación Municipal que non sexa a do seu lugar de militancia.

4) Todo membro do Partido que traslade a súa residencia dende a área dunha Agrupación a outra, poderá solicitar o seu traslado a esta, recoñecéndosele automaticamente, sempre e cando estea ao día na cotización ao Partido e non estea afectado por ningunha actuación disciplinaria.

Artigo 22. As agrupacións Municipais e de Distrito rexeranse polos Estatutos e resolucións Federais, Nacionais e Provinciais, podendo elaborar os seus propios regulamentos de funcionamento interno, que non poderán contradicir as normas estatutarias e regulamentarias de rango superior, e deberán ser ratificadas polo Comité Provincial.

Artigo 23. E responsabilidade da Agrupación Municipal ou de Distrito impulsar na súa circunscrición a política global do Partido, executando as resolucións emanadas dos seus órganos superiores. Así mesmo, serán responsables do cumprimento das obrigas dos militantes, de facer respectar os seus dereitos e de procurar a súa participación nas tarefas do Partido.

Artigo 24. En todas as Agrupacións Municipais e de Distrito existirá un Libro de Actas, un Libro de Contas e un Libro de Rexistro de Entradas e Saídas, dos que terá a responsabilidade a Comisión Executiva. O contido do libro de actas e o libro de Rexistro de Entradas e Saídas estarán a disposición de calquera militante da Agrupación Municipal para a súa consulta.

Artigo 25. Os órganos das Agrupacións Municipais e de Distrito son a Asemblea e a Comisión Executiva Municipal ou de Distrito, segundo corresponda.

Os órganos da Agrupación Municipal, con Agrupacións de Distrito, son a Comisión Executiva Municipal, O Comité Municipal e a Asemblea de Delegados. A constitución e funcionamento destas Agrupacións rexeranse polo disposto nos Estatutos Federais e na Normativa Reguladora da Estrutura e Funcionamento Xeral do Partido.

1) A Asemblea da Agrupación é o órgano máximo de decisión. Está formada polo conxunto da súa militancia. Aplica as liñas de acción política e sectorial no seu ámbito, de acordo coas resolucións do Partido. O seu funcionamento e competencias rexeranse polo vixente Regulamento Federal de Asembleas.

2) Son funcións propias da Asemblea

a) Elixir a Comisión Executiva e, no seu caso, as vacantes que e produzan.

b) Aprobar o programa de actuación política e de traballo da Agrupación Municipal ou de Distrito, de acordo coas liñas xerais establecidas polos órganos superiores do Partido, a proposta da Comisión Executiva.

c) Elixir os/as Delegados/as ao Congreso Nacional Galego e Provincial, ao Comité Nacional Galego e ao Comité Provincial.

d) Aplicar as liñas de acción política xeral e dos Grupos Socialistas no seu ámbito, de acordo coas directrices marcadas polos órganos competentes.

e) Aprobar ou rexeita-la xestión da Comisión Executiva na derradeira Asemblea anual ordinaria, así como o seu plan de traballo.

f) Aprobar os presupostos ordinarios e extraordinarios da Agrupación.

g) Debater a xestión dos Órganos Nacionais e Provinciais para os Congresos Galegos e Provinciais, aprobándoa ou rexeitándoa, no seu caso.

h) Estudar os Relatorios Marco aprobando ou no seu caso rexeitando as emendas presentadas que poden ser á totalidade ou parciais, sendo neste caso de adición, substitución ou de supresión.

i) Colaborar na elaboración e aprobación do programa electoral municipal.

l) Votar as propostas de candidaturas ás eleccións municipais e facer propostas noutros procesos electorais nos que así estea establecido na normativa reguladora de cargos públicos.

m) Elaborar, se así o acorda, o proxecto de regulamento de funcionamento interno, que terá que ser ratificado polo Comité Provincial.

n) Elevar, no seu caso, ós órganos superiores as propostas de candidatos/as a cargos de representación no seu ámbito.

ñ) Aprobar as actas das súas reunións.

Artigo 26. A Asemblea reunirase en sesión ordinaria polo menos unha vez cada tres meses e extraordinariamente cando o estime conveniente a Comisión Executiva Municipal, ou cando o soliciten un terzo dos militantes da Agrupación que farán constar na solicitude a Orde do Día da sesión.

Neste último caso a Asemblea terase que celebrar nun prazo máximo de 15 días a partir da entrada do escrito da solicitude na Comisión Executiva Municipal.

Calquera militante, ante a non celebración en prazo dunha asemblea ordinaria poderá solicitar, mediante escrito dirixido ó secretario de organización da CEM, a súa convocatoria, que se levará a efecto nun prazo máximo de 25 días trala recepción da instancia.

Das súas reunións levantará acta o Secretario/a de Actas, que as asinará co Visto Bo do Presidente/a.

Artigo 27. A Comisión Executiva de Distrito e Municipal é o órgano executivo da Agrupación. Será elixida pola Asemblea e informa á mesma en sesións ordinarias convocadas especialmente para este fin, sendo votados a súa xestión e o plan de traballo anualmente.

No caso das Agrupacións Municipais con Agrupacións de Distrito, a Comisión Executiva Municipal será elixida pola Asemblea de Delegados e informará diante do Comité Municipal da súa xestión.

Executa no seu ámbito municipal a política definida polos órganos de dirección e control do partido nos Congresos e Comités do Partido, aplica as resolucións da CENG e da CEP.

A responsabilidade da Comisión Executiva Municipal e da Comisión Executiva de Distrito é colexiada, sen prexuízo das responsabilidades de cada un dos seus membros.

Artigo 28. A Comisión Executiva Municipal estará composta como mínimo de: Secretaría Xeral, Secretaría de Organización e Secretaría de Política Municipal. Así mesmo, a Comisión Executiva Municipal ou de Distrito deberá albergar unha Área de Acción Electoral, unha Área de Administración, e unha Área de Formación, que poderán constituír secretarías de Área independentes ou integrarse como Áreas adscritas á Secretaría de Organización.

Das reunións da Comisión Executiva Municipal ou de Distrito, levantarase actas, que deberán estar asinadas polo/as Secretario/a Xeral e o/a Secretario/a de Organización.

Cando exista organización das Xuventudes Socialistas de Galicia, o/a seu Secretario/a Xeral participará nas reunións da Comisión Executiva Municipal, con voz e voto.

Artigo 29. Son funcións específicas da Comisión Executiva Municipal:

- a) Tramitar as altas e baixas dos afiliados e afiliadas, comunicando ó órgano que corresponda.
- b) Administrar en nome dos órganos nacionais os bens do Partido a nivel municipal.
- c) Manter as relacións con outros grupos políticos e sindicais no seu ámbito.
- d) Organizar e dirixir as campañas electorais no seu ámbito, de acordo coa planificación xeral das mesmas.
- e) Coordinar a actividade do grupo municipal socialista, e dos cargos públicos adscritos á súa Agrupación Municipal.
- f) Convocar as Asembleas Ordinarias e Extraordinarias de acordo cos presentes Estatutos.
- g) Impulsar a creación da Agrupación Municipal das Xuventudes Socialistas de Galicia no seu termo municipal.
- h) Elaborar o programa anual de traballo, os presupostos e o informe de xestión, que serán presentados na última Asemblea do ano.
- i) Coordinar a relación cos simpatizantes, levar un rexistro dos mesmos, e fomentar a súa incorporación ás actividades do Partido.

Artigo 30. A dimisión do Secretario Xeral ou da metade máis un dos seus membros implica a dimisión de toda a Comisión Executiva Municipal. Neste caso o órgano correspondente convocará unha Asemblea Extraordinaria no prazo máximo de 30 días para elixir unha nova Comisión Executiva Municipal, salvo no caso de que se proceda segundo o establecido no artigo 68 da Normativa Reguladora da Estrutura e Funcionamento Xeral do Partido.

Artigo 31. Nos aspectos non abordados neste Capítulo, relacionados coa estrutura do Partido, serán de aplicación o Título III, Capítulos I e II, dos Estatutos Federais e Nacionais, os Títulos I e II da Normativa Reguladora da Estrutura e Funcionamento Xeral do Partido e demais normativa que resulte de aplicación.

CAPÍTULO IV. COORDINADORAS COMARCAIS

Artigo 32. En cada unha das comarcas establecidas na Disposición Final Segunda dos Estatutos Nacionais constituirase unha Coordinadora Comarcal, formada polas Agrupacións Municipais implantadas no seu ámbito territorial.

A súa función será a de facilitar a coordinación entre a CEP e as Agrupacións Municipais para a realización, no seu ámbito, de actividades electorais e políticas.

Artigo 33. As Coordinadoras Comarcais estarán integradas polos Secretarios e Secretarías Xerais das Agrupacións Municipais que conforman a Comarca e un representante das Xuventudes Socialistas designado pola organización xuvenil, que elixirán un coordinador ou coordinadora que se responsabilizará do seu funcionamento.

O coordinador ou coordinadora comarcal terá que ser militante do Partido.

Artigo 34. A CEP regulará o proceso e establecerá o calendario para a constitución das Coordinadoras Comarcais.

Naquelas comarcas nas que non se constituía a Coordinadora Comarcal, será a CEP a que asuma directamente a coordinación na realización das actividades ás que se alude no artigo 32.

Artigo 35. A coordinadora Comarcal poderá nomear responsables para a realización de actividades concretas ás que se alude no artigo 32.

Artigo 36. O Coordinador ou Coordinadora Comarcal informará á CEP, periodicamente e cando esta llo solicite, dos traballos e actividades realizadas no ámbito comarcal.

CAPÍTULO V. ORGANIZACIÓNS SECTORIAIS

Artigo 37.

1) As Organizacións Sectoriais provinciais son estruturas de participación directa dos afiliados e afiliadas socialistas da provincia en tarefas de información, debate e propostas relacionadas coas materias propias do seu ámbito de actuación.

Poderán elevar análises e propostas aos órganos de dirección do Partido no ámbito provincial, contribuíndo tamén con súas achegas á elaboración dos programas políticos e electorais.

2) Poderanse constituír as seguintes Organizacións Sectoriais provinciais: Educación; Medio Ambiente; Participación Cidadá; Sanidade; Sociedade da Información; e Emprendedores, Economía Social e Traballadores Autónomos.

3) As Organizacións Sectoriais provinciais funcionarán baixo os principios de autonomía e democracia interna. O seu funcionamento político e organizativo axustarase aos acordos congresuais e outros órganos de dirección do Partido.

Artigo 38. O obxectivo das Organizacións Sectoriais é facilitar e fomentar a participación de todos os afiliados e afiliadas da provincia no traballo sectorial do Partido, acadando a máxima presenza e interlocución directa coa sociedade, especialmente con aqueles colectivos sociais con ámbitos de actuación que teñen unha importancia estratéxica para o proxecto socialista.

Poderanse constituír as Organizacións Sectoriais existentes cando acaden o 2% do total do censo de afiliación provincial.

Artigo 39. A estrutura das Organizacións Sectoriais provinciais estará integrada polo Plenario, o Comité Coordinador e o/a Coordinador/a.

O órgano soberano das Organizacións Sectoriais provinciais será o plenario que estará composto por todos os afiliados e afiliadas inscritos. Os plenarios provinciais elixirán os e as membros dos plenarios de nacionalidade de acordo cos principios de proporcionalidade e representación territorial.

Artigo 40. As Organizacións Sectoriais provinciais constituídas terán dereito de representación nos órganos provinciais de decisión e control do Partido con voz e voto.

1) A súa representación nos congresos provinciais será proporcional ó número de militantes da provincia, de acordo co establecido no artigo 55 do Título III da Normativa Reguladora da Estrutura e Funcionamento Xeneral do Partido, que regula as Organizacións Sectoriais.

2) Os delegados e delegadas das Organizacións Sectoriais non poderán participar na elección e control dos órganos executivos e de control do Partido.

3) As Organizacións Sectoriais estarán representadas polo Coordinador/a provincial do seu ámbito respectivo nos órganos de decisión e control provinciais.

Artigo 41. As Organizacións Sectoriais provinciais rexeranse polos Estatutos do Partido, polo Título III da Normativa Reguladora da Estrutura e funcionamento Xeral do Partido e polo seu Regulamento de Funcionamento Interno.

TÍTULO IV. ÓRGANOS PROVINCIAIS DO PARTIDO

Artigo 42. Os órganos Provinciais, tal como se recolle no artigo 20 destes estatutos son os seguintes: o Congreso Provincial, o Comité Provincial, a Comisión Executiva Provincial, a Comisión Provincial de control económico e a Comisión Provincial de Listas

Artigo 43. Calquera actuación dos órganos do ámbito provincial, que sexa considerada contraria ó establecido nos Estatutos Federais ou Nacionais do Partido, ós acordos e resolucións da CENG ou do Comité Nacional Galego, poderá ser suspendida ou deixada sen efecto pola CENG, remitindo a resolución á primeira reunión que celebre o Comité Nacional Galego.

CAPÍTULO I. CONGRESO PROVINCIAL

Artigo 44. O Congreso Provincial é o máximo órgano político da Agrupación Provincia do PSdeG-PSOE de Ourense. Está formado polo delegados e delegadas elixidos para participar no mesmo, de acordo co previsto nos Estatutos e normas do Partido.

A súa preparación e desenvolvemento rexeranse polos Estatutos e normas do Partido que resulten de aplicación e polo previsto no Regulamento Federal de Congresos.

O Comité Provincial aprobará o baremo e o número de delegados e delegadas que asistirán ó Congreso, podendo oscilar entre os 100 e os 400.

Unha vez convocado o Congreso Provincial polo Comité Provincial, os/as militantes que se dean de alta nas Agrupacións Provinciais non terán dereito a ser electores nin elixibles no proceso de elección dos delegados/as ó Congreso.

Artigo 45. O Congreso Provincial réunese con carácter ordinario entre o terceiro e cuarto ano dende a celebración do Congreso Ordinario anterior, sempre, despois da celebración dos Congresos Federal e Nacional, dentro do prazo dos noventa días seguintes á celebración deste último, salvo circunstancias especiais que xustifiquen a modificación excepcional deste prazo.

As súas funcións son as seguintes:

1) Adoptar, atendendo ás especificidades e problemática da provincia, as resolucións necesarias para aplicar no seu ámbito territorial as políticas definidas para o conxunto de Galicia polo Congreso Nacional Galego, polo Comité Nacional e polas decisións adoptadas pola Comisión Executiva Nacional Galega, en concordancia cos Estatutos do Partido e coas normas e directrices emanadas dos órganos superiores do Partido.

2) Debater e xulgar a xestión da Comisión Executiva Provincial (CEP), do Comité Provincial, e da Comisión de control económico.

3) Elixir o/a secretario/a xeral, a Comisión Executiva Provincial (CEP), os membros que correspondan do Comité Provincial e a Comisión de Control Económico.

Artigo 46. Os Estatutos, Regulamentos e Resolucións que se adopten no Congreso Provincial do PSdeG-PSOE de Ourense, non poderán contradicir os Estatutos do Partido, nin os acordos, resolucións e directrices adoptados polo Congreso Nacional Galego, polo Comité Nacional, pola Comisión Executiva Nacional Galega e polos órganos Federais, e serán sometidos á ratificación do Comité Nacional Galego.

Artigo 47. O Congreso Provincial Ordinario será convocado polo Comité Provincial, que determinará a Orde do Día, o lugar e datas da súa celebración con, polo menos, 60 días de antelación.

A Comisión Executiva Provincial enviará a todas as Agrupacións Municipais da provincia unha proposta da Orde do Día provisional do Congreso, xunto coa Memoria da súa Xestión, da do Comité Provincial, da Comisión de Control Económico, e os documentos e Relatorios aprobados polo Comité Provincial.

As Agrupacións Municipais da provincia poderán formular suxestións á Orde do Día, presentar proposicións, emendas parciais e relatorios alternativos sobre materias de calquera natureza, tanto se figuran no propio relatorio como se non, sempre que obteñan un mínimo do 20% de apoio na asemblea ou congreso respectivo.

O Comité Provincial, a través da CEP enviará, quince días antes da data fixada para a celebración do Congreso, ás Agrupacións Municipais e aos delegados e delegadas elixidos para participar no Congreso, unha memoria con todos os relatorios e emendas recibidas.

Artigo 48. O Congreso Provincial Ordinario estará formado por:

— As Delegacións elixidas nas Asembleas extraordinarias das Agrupacións Municipais, convocadas ó efecto.

— A delegación das Xuventudes Socialistas de Galicia (XSG) con voz e voto, cun número de membros a establecer, a proposta da Comisión Executiva Provincial, polo Comité Provincial, de acordo co establecido ó respecto no artigo 48.3 dos Estatutos Nacionais.

— Unha representación das Organizacións Sectoriais, constituídas a nivel provincial, de acordo co previsto no artigo 40 destes Estatutos.

— Unha representación dos colectivos provinciais que estiveran asociados ó PSdeG-PSOE ou que manteñan un protocolo de colaboración, se así figura no convenio ou acordo asinado.

— Os representantes de movementos asociativos e de colectivos progresistas provinciais que a Comisión Executiva Provincial ou o Comité Provincial consideren de interese, poderán participar, con voz pero sen voto, nos debates de Comisións ou Pleno para o mellor desenvolvemento dos obxectivos do Partido e cara un maior enriquecemento do debate e das resolucións de políticas sectoriais, aportando análises e propostas.

Artigo 49. Cando as circunstancias especiais o aconsellen ou cando proceda tratar sobre un tema específico, poderá convocarse Congreso Provincial Extraordinario polo Comité Provincial ou pola Comisión Executiva e, preceptivamente, cando dimita o/a secretario/a provincial ou cando o soliciten a metade máis un dos/as afiliados/as da provincia. Nestes casos non será preciso observar os prazos establecidos para os Congreso Ordinarios.

O órgano convocante determinará a data e lugar da súa celebración, así como os puntos da Orde do Día.

O Congreso Provincial Extraordinario só pode adoptar resolucións sobre as materias previstas na Orde do Día da súa convocatoria.

Artigo 50. A elección da Mesa, as Resolucións, Ditames e Acordos, decidiranse mediante voto individual e público dos Delegados e das Delegadas.

A votación da Xestión da Comisión Executiva Provincial, Comité Provincial e Comisión de Control económico, realizarase mediante voto individual e público dos/as delegados/as.

A Comisión Executiva Provincial será elixida polo seguinte sistema:

a) A Elección do/a Secretario/a Xeral realizarase mediante voto individual, directo e segredo dos delegados e delegadas ao Congreso.

As candidaturas presentaranse diante da Comisión Electoral, de acordo co establecido no artigo 6. 1. b destes Estatutos.

b) A Elección da Comisión Executiva Provincial, proposta polo/a Secretario/a Xeral electo e presentada diante da Comisión Electoral, realizarase mediante voto individual, directo e segredo de todo/as os/as delegados/as.

A Elección dos membros do Comité Provincial e da Comisión de Control Económico, realizarase mediante votación individual e secreta dos delegados e delegadas, previa presentación das candidaturas á Comisión Electoral, en listas completas, pechadas e bloqueada.

Tódolos Delegados e Delegadas teñen voz e voto no debate do relatorio nas Comisións. Calquera emenda que non fose incorporada ó ditame da Comisión poderá ser discutida no Pleno do Congreso Provincial, cando conte co voto do 20% dos delegados e delegadas inscritos na Comisión.

CAPÍTULO II. COMITÉ PROVINCIAL

Artigo 51. O Comité Provincial é, entre Congreso e Congreso, o máximo órgano provincial de dirección política do Partido na Provincia.

1) Son membros natos con voz e voto:

— Os/as integrantes da Comisión Executiva Provincial.

— Os/as Coordinadores e Coordinadoras Comarcais.

— Os membros da Comisión de Control Económico.

— Unha representación das Xuventudes Socialistas na provincia, sen que poida ser superior ó 5% do citado órgano, nin inferior ó 2%.

— O/a Presidente da Deputación Provincial, se ostenta o cargo un ou unha socialista. De non ser así a representación corresponderálle ó ou á Portavoz Socialista do Grupo Provincial.

— Os/as membros das Comisións Executivas Federal e Nacional con militancia na provincia.

2) Son membros elixidos, con voz e voto:

— Os elixidos polas Asembleas Municipais, de acordo co censo de militantes pechado e o baremo establecido para a celebración do Congreso Provincial.

3) Participarán con voz, pero sen voto:

— Os/as deputados/as autonómicos/as socialistas que militen na provincia.

— Os/as deputados/as e Senadores/as socialistas que militen na provincia.

— Os/as eurodeputados/as socialistas que militen na provincia.

— Un/unha representante dos alcaldes/esas socialistas da provincia que militen na provincia de Ourense e que forme parte da Comisión Executiva ou do Consello Federal da FEGAMP e, no seu caso, o Presidente/a deste organismo.

— Os/as persoas que ostenten a Coordinación Provincial das Organizacións Sectoriais constituídas no ámbito provincial, nos termos previstos no artigo 40.2 destes Estatutos.

— Os/as representantes dos colectivos ou entidades provinciais asociados ó PSdeG-PSOE de Ourense, de acordo cos compromisos recollidos no acordo ou convenio correspondente.

Os membros do Comité Provincial poderán ser revogados/as pola instancia que os elixiu, garantindo, no seu caso, o respecto das minorías.

Os membros do Comité Provincial están obrigados a informar, puntualmente, sobre os debates e resolucións adoptadas polo mesmo, ós órganos que os elixiron.

As ausencias reiteradas e non xustificadas dos membros elixidos/as polas Agrupacións Municipais, seranlles comunicadas a estas para o seu coñecemento e valoración de posibles substitucións.

Artigo 52. Son competencias do Comité Provincial:

— Adoptar as resolucións e os acordos necesarios, no marco do Congreso Provincial, para adaptar e aplicar no ámbito provincial, as políticas, acordos e decisións adoptadas polo Congreso Nacional, Comité Nacional e pola CENG, en concordancia coas políticas e Estatutos do Partido, e coas normas dos órganos superiores que os desenvolven.

- Aprobar o seu regulamento de funcionamento interno e o da CEP , así como as normas necesarias para o desenvolvemento e aplicación dos estatutos aprobados no Congreso Provincial.
- Examinar a xestión da Comisión Executiva Provincial.
- Esixir, no seu caso, a responsabilidade política da Comisións Executiva Provincial a través dunha moción de censura, que deberá ser proposta, polo menos, por un terzo dos seus membros e deberá figurar na Orde do Día da sesión do Comité Provincial. Para ter efectos, deberá ser aprobada pola maioría absoluta dos membros do Comité Provincial con dereito a voto.
- Esixir que as actuacións dos cargos públicos do Partido na provincia se adecúen aos modos de xestión socialistas.
- Impulsar as políticas a realizar polos Grupos Socialistas na Deputación provincial e nos Concellos da Provincia e facer un seguimento do labor dos seus gobernos.
- Cubrir as vacantes que se produzan na Comisión Executiva Provincial. Cando as vacantes da Comisión Executiva Provincial afecten á Secretaria Xeral ou á metade máis un dos seus membros, o Comité Provincial deberá convocar Congreso Provincial Extraordinario para a elección dunha nova Comisión Executiva Provincial.
- Aprobar, a proposta da Comisión Executiva Provincial, os orzamentos de funcionamento da estrutura provincial, así como a súa liquidación.
- Solicitar, se o estima preciso, informes á Comisión de Control Económico, e coñecer o informe que esta elabore con ocasión do peche do exercicio orzamentario que corresponda.
- Crear aquelas comisións de traballo que se estimen necesarias para o labor político a realizar no ámbito provincial. As propostas serán elevadas ó Pleno para sometelas a súa consideración e aprobación, se procede.
- Aprobar, no seu caso, as conclusións de xornadas ou seminarios realizados dende a estrutura provincial. As conclusións aprobadas terán carácter vinculante.
- Desempeñar as funcións que a Normativa Reguladora dos Cargos Públicos lle asigna na selección de candidatos e candidatas do Partido nos diferentes procesos electorais nos que estea prevista a súa participación.

- Presentar e responder da súa xestión diante do Congreso Provincial.
- Convocar os Congresos Provinciais do Partido, que estatutariamente lle corresponda.
- Convocar, a proposta da CEP, as Conferencias políticas e sectoriais a celebrar.
- Elixir as persoas encargadas dos documentos e Relatorio do Congreso Provincial e as encargadas de defender nel a xestión do Comité Provincial.
- Elixir os membros que o representan na Comisión Provincial de Listas e nomear esta na súa primeira reunión despois do Congreso Provincial.
- Someter a aprobación as cotas extraordinarias e/ou complementarias que propoña a CEP.
- Elixir os/as 5 membros da Comisión de Garantías Electorais Provinciais, a proposta da CEP.
- Aprobar, no seu caso, as cotas provinciais de altos cargos e asimilados no ámbito provincial.
- Nomear dous membros do Comité Provincial para formar parte da Comisión que realiza o sorteo, entre todos os Delegados e Delegadas, para nomear tres membros da Comisión de Credenciais dos Congresos Provinciais.
- Todas as demais competencias que lle veñan asignadas polos Estatutos Federais, Nacionais e Provinciais ou polas normas ditadas para o seu desenvolvemento e interpretación.

Artigo 53. O Comité Provincial reunirse ordinariamente, polo menos, cada seis meses, sendo convocado pola Comisión Executiva Provincial, cunha antelación mínima de dez días.

Con carácter extraordinario poderá ser convocado pola Comisión Executiva Provincial, coa urxencia que requira o caso, ou a solicitude de, polo menos, un terzo dos seus compoñentes. Neste último caso, a Comisión Executiva Provincial deberá convocar o Comité Provincial o antes posible e sempre antes de que transcorran dez días, contados a partires da data da solicitude, coa Orde do Día proposta polos/as solicitantes.

O Comité Provincial quedará validamente constituído, en primeira convocatoria, cando concorran máis da metade dos seus integrantes e, en segunda convocatoria, media hora máis tarde, cos/as que estean presentes.

As decisións do Comité Provincial adoptaranse por maioría simple dos/as presentes, agás nos casos en que estatutariamente se esixa unha maioría cualificada. Nestes casos, para que as decisións sexan válidas, deberán concorrer á reunión, polo menos, os dous terzos dos/as integrantes do Comité Provincial.

Artigo 54. As vacantes que se produzan entre os membros do Comité Provincial serán cubertas polos órganos que os elixisen, agás no caso dos membros escollidos polo Congreso Provincial, que se cubrirán polo Comité Provincial, a proposta da CEP.

CAPÍTULO III. COMISIÓN EXECUTIVA PROVINCIAL

Artigo 55. O órgano executivo das Agrupacións Provinciais é a Comisión Executiva Provincial, que aplica e desenrola no ámbito da Provincia as resolucións dos Congresos Provincial, Nacional e Federal, as políticas definidas para o conxunto de Galicia polo Congreso Nacional Galego, polo Comité Nacional e pola Comisión Executiva Nacional Galega, en concordancia cos Estatutos do Partido e coas normas e directrices emanadas dos órganos superiores do Partido, levando a cabo as iniciativas necesarias para facer fronte ós problemas da cidadanía, tendo en conta as especificidades da provincia.

Artigo 56. Son funcións da Comisión Executiva Provincial:

- A organización, en coordinación coa CENG, do funcionamento da estrutura orgánica provincial do Partido no ámbito da Agrupación Provincial.
- A administración, conservación e defensa dos bens do Partido na provincia, de acordo co establecido nos Capítulos I e II do Título V dos Estatutos Nacionais.
- A relación cos outros grupos políticos e sociais de ámbito provincial.
- A realización de cantas actividade sexan necesarias para o cumprimento dos obxectivos políticos do Partido na provincia.
- O seguimento do labor dos gobernos da Deputación provincial e dos concellos da provincia.

- Apoiar a acción política dos gobernos socialistas na provincia para o cumprimento dos Programas Electorais cos que concorre o Partido ás eleccións e para colaborar na súa explicación á cidadanía e á opinión pública.
- Constituír no seu seo comisións para asuntos específicos, podendo delegar facultades de decisión sobre os mesmos.
- Propoñer á CENG iniciativas e propostas, dende a perspectiva provincial, para a elaboración dos programas electorais.
- O apoio e seguimento das actuacións dos representantes do Partido nas institucións públicas provinciais, interpretando e valorando se as súas actuacións se axustan ó cumprimento dos obxectivos establecidos e ós modos de xestión socialista.
- Constituír, no seu caso, as Agrupacións Municipais e fortalecer e vertebrar a estrutura orgánica do Partido na provincia.
- Coordinar, de acordo coa CENG, as tarefas políticas na provincia, definindo proxectos, prioridades e avaliando a consecución de obxectivos.
- Nomear e constituír un Comité Electoral Provincial nas distintas convocatorias electorais.
- Executar e responsabilizarse do cumprimento dos acordos adoptados polo Congreso provincial, o Comité Provincial e os órganos superiores do Partido.
- Acordar, en coordinación coa CENG, e propoñer ó Comité Provincial a realización das conferencias sectoriais provinciais que se estimen necesarias para a acción política do Partido na provincia.
- Elaborar e presentar, no primeiro trimestre de cada exercicio, os presupostos provinciais do Partido ó Comité Provincial.
- Elaborar e aprobar o seu regulamento de funcionamento.
- Levar a cabo as actuacións que, en aplicación do Título III da Normativa reguladora dos Cargos Públicos, lle correspondan en relación coa selección de candidatos e candidatas do Partido nos diversos procesos electorais.
- Propoñer os nomes dos/as membros da Comisión de Garantías Electorais Provinciais para a súa aprobación polo Comité Provincial.

- Propoñer, de acordo coa CENG, cotas extraordinarias e/ou complementarias para a súa aprobación polo Comité Provincial.
- Contribuír á resolución dos conflitos internos que xurdan no ámbito provincial.
- Impulsar a creación, funcionamento e coordinación das Organizacións Sectoriais Provinciais.
- Realizar as campañas electorais no ámbito provincial, de acordo coas directrices e decisións dos órganos superiores de dirección do Partido.
- Instruír, no seu caso, os expedientes disciplinarios nos que sexa competente de acordo cos Estatutos e normas do Partido.
- Acordar as convocatorias e a Orde do Día das reunións do Comité Provincial.
- Propoñer ó Comité Provincial a convocatoria do Congreso Provincial Ordinario e, no seu caso, convocar o Congreso Provincial Extraordinario.
- Realizar calquera outra función prevista nos Estatutos aprobados no Congreso Provincial ou nos Estatutos, normas ou resolucións do órganos superiores de dirección do Partido.

Artigo 57. A Comisión Executiva Provincial reunirse coa frecuencia que ela mesma acorde. Será convocada polo Secretario/a Xeral ou a petición, por escrito, dun terzo dos seus membros. As súas decisións adóptanse por maioría simple dos membros presentes. Para que estas teñan validez requírese que todos os membros foran notificados da reunión e o quórum da maioría simple.

Funcionará en Pleno ou Permanente, en función do establecido no seu Regulamento de funcionamento, que deberá ser aprobado polo Comité Provincial e ratificado polo Comité Nacional Galego.

A Comisión Executiva Provincial poderá constituír no seu seo comisións para asuntos específicos nos que delegue a facultade de decidir sobre os mesmos. A tales efectos aprobará as normas que estime convenientes.

Artigo 58. A Comisión Executiva Provincial estará composta polos cargos e persoas que integren a candidatura que resulte elixida polo Congreso Provincial.

1) Co fin de facilitar o funcionamento coordinado coa CENG e conseguir a maior eficacia posible nas políticas e actividade a realizar polo Partido na provincia, procurarase que a composición da Comisión Executiva elixida polo Congreso

Provincial se adapte ó organigrama adoptado polo Congreso Nacional para a Comisión Executiva Nacional Galega.

2) A composición da Comisión Executiva Provincial será a seguinte:

- Presidente
- Secretaría Xeral
- Vicesecretaría Xeral 1
- Vicesecretaría Xeral 2
- Secretaría de Organización
- Secretaría de Política Municipal
- Secretaría de Políticas Sociais
- Secretaría de Acción Electoral
- Secretaría de Sectores Produtivos
- Secretaría de Relacións Institucionais
- Secretaría de Educación
- Secretaría de Formación
- Secretaría de Cultura e Patrimonio
- Secretaría de Igualdade
- Secretaría de Innovación e Novas Tecnoloxías
- Secretaría de Cooperación e Movementos Sociais
- Secretaría de Deporte
- Secretaría de Emigración
- Secretaría de Emprego
- Secretaría de Medio Rural
- Secretaría de Infraestruturas e Ordenación Territorial
- Secretaría de Estudos e Programas
- Secretaría de Sanidade
- Secretaría de Economía
- Secretaria de Medio Ambiente
- 7 secretarías executivas

Tamén formarán parte da Comisión Executiva Provincial, con voz e voto:

— O/a Presidente da Deputación Provincial, se ostenta o cargo un ou unha socialista. De non ser así a representación corresponderíalle ó ou á Portavoz Socialista do Grupo Provincial.

— Un/unha representante das Xuventudes Socialistas de Galicia, en tanto estas nos se doten de estrutura provincial.

Artigo 59. O/A Secretario/a Xeral Provincial coordina a política do Partido a nivel provincial, de acordo co artigo 2 destes Estatutos. É o portavoz da Comisión Executiva Provincial. Ostenta a representación provincial do Partido e coordina os traballos da Comisión Executiva Provincial. Así mesmo autoriza coa súa sinatura os documentos políticos, orgánicos e administrativos do PSdeG-PSOE na provincia.

Artigo 60. As deliberacións da CEP son reservadas. Faranse constar na acta, se os houbese, os votos particulares sobre as decisións adoptadas.

A responsabilidade da CEP é colexiada, o que non exime aos seus membros da propia responsabilidade no desempeño das súas funcións.

O cese dos membros da CEP poderá producirse a petición propia ou por acordo do Comité Provincial, nos casos de responsabilidade política e moción de censura, de acordo co previsto no artigo 52 destes Estatutos. As vacantes ou cambios nas áreas de responsabilidade que se teñan producido na CEP serán cubertas a proposta do/a Secretario/a Xeral e aprobadas polo Comité Provincial.

Artigo 61. A CEP poderá designar Delegados/as que actuarán en nome da mesma, naquelas funcións que se lle encomenden.

Os/As Delegados/as nomeados poderán ser chamados pola CEP para informar nas súas reunións sobre os asuntos da súa competencia que lle fosen encargados.

CAPÍTULO IV. COMISIÓN PROVINCIAL DE CONTROL ECONÓMICO

Artigo 62. A Comisión Provincial de Control Económico é o órgano encargado de supervisar a contabilidade, verificar a administración dos medios económicos do PSdeG-PSOE de Ourense e controlar que o seu uso se adecúe ás resolucións dos órganos directivos.

A aprobación da xestión económica dos bens e dereitos do PSdeG-PSOE de Ourense. corresponde ao Congreso Provincial e, subsidiariamente, ao Comité Provincial. A natureza fidedigna dos informes e cifras que presenta a Comisión Executiva Provincial quedará garantida pola Comisión Provincial de Control Económico.

O Congreso Provincial elixe á Comisión Provincial de Control Económico, que estará constituída por cinco membros. A súa misión será a revisión semestral das contas da Tesourería do PSdeG-PSOE de Ourense. Esta Comisión responde unicamente diante do Congreso Provincial, pero terá que emitir informes ao Comité Provincial cando este os solicite e, como mínimo, unha vez ao ano para o peche do exercicio económico que corresponda. A Comisión Revisora de Contas, a solicitude da CEP, poderá emitir informes e ditames non vinculantes sobre aspectos concretos das contas do PSdeG-PSOE de

A condición de membro da Comisión Provincial de Control Económico será incompatible cos seguintes cargos:

- Membro das Executivas do Partido.
- Membro da Comisión de Ética.
- Empregado/as do propio Partido.

CAPÍTULO V. COMISIÓN PROVINCIAL DE LISTAS

Artigo 63. A Comisión Provincial de Listas é o órgano encargado de emitir os ditames e informes previstos na Normativa reguladoras dos Cargos Públicos para os diferentes procesos electorais

A Comisión Provincial de listas estará composta polos membros da CEP que esta designe e polos do Comité Provincial elixidos entre os seus membros. As persoas elixidas polo Comité Provincial deberán ser maioría.

A Comisión Provincial de listas será elixida na primeira reunión do Comité Provincial que se celebre despois do Congreso ordinario Provincial, e estará vixente ata a celebración do seguinte Congreso.

CAPÍTULO VI. DECLARACIÓN DE BENS E ACTIVIDADES

Artigo 64. Todos/as os e candidatas do ámbito provincial en listas do Partido deberán presentar, nos termos previstos no artigo 22 do Regulamento dos Órganos Federais de Control, unha declaración de bens e actividades con anterioridade á aprobación definitiva da lista polo órgano competente. O incumprimento desta obriga poderá determina-la súa exclusión da lista. As persoas candidatas electas e cargos públicos quedarán obrigadas a presentar a súa declaración ó finalizar o seu mandato ou ó cesar no cargo para o que foron nomeadas.

As persoas que formen parte da CEP deberán presentar unha declaración de bens e actividades diante da Secretaría de Organización provincial.

A Comisión Nacional de Ética poderá en calquera momento requirir aos cargos públicos da provincia para que aporten información complementaria sobre a súa situación patrimonial ou sobre aquelas actividades económicas coas que teñan relación. O incumprimento desta obriga de aporta-los datos solicitados ou de colaborar coa Comisión constituirá unha falta disciplinaria e comportará, previo apercibimento, a supresión temporal de militancia do/a afectado/a.

Os cargos públicos e militantes na provincia, cando foran difamados ou sexan obxecto de informacións tendenciosas sobre o seu patrimonio ou actividades,

poderán acudir á Comisión Nacional de Ética ao obxecto de que sexa esta a que asuma a defensa da súa integridade e honestidade.

CAPÍTULO VII. EXPEDIENTES DISCIPLINARIOS

Artigo 65. As Comisións Executivas Municipais ou de Distrito e subsidiariamente a CEP son competentes para instruír expedientes disciplinarios contra militantes, ben de oficio ou instancia razoada de parte, de acordo co previsto no Regulamento Federal dos Afiliadas e Afiliadas.

Artigo 66. En todo o concernente ós Expedientes Disciplinarios resultan de aplicación o Capítulo VIII dos Estatutos Nacionais e os artigos 52 e 53 dos Estatutos Federais.

CAPÍTULO VIII. CONFERENCIAS

Artigo 67. O PSdeG-PSOE de Ourense poderá, en coordinación coa CENG, celebrar, entre Congresos, Conferencias para abordar cuestións políticas e sectoriais de especial relevancia e transcendencia, cunha orde do día específica, nas que participarán, con voz e voto, os/as militantes en representación dos ámbitos orgánico e sectorial provinciais.

O órgano convocante das Conferencias será o Comité Provincial a iniciativa propia ou a proposta da CEP. Na convocatoria determinarase o número de participantes, a súa distribución territorial e os obxectivos da mesma.

A normativa aplicable para o desenvolvemento das Conferencias estará determinada na súa propia convocatoria e, de forma supletoria, polo establecido no Regulamento de Congresos.

TÍTULO V. ADMINISTRACIÓN E PATRIMONIO

CAPÍTULO I. DOS PODERES

Artigo 68. No relativo ós poderes que resultasen precisos para o correcto funcionamento do PSdeG-PSOE de Ourense observarase o previsto nos artigos 60, 61 e 62 dos Estatutos Federais e no artigo 72 dos Estatutos Nacionais.

CAPÍTULO II. DO PATRIMONIO

Artigo 69. Co fin de garantir dende a estrutura provincial do PSdeG-PSOE de Ourense o adecuado control en materia de administración do patrimonio do Partido, será de obrigado cumprimento o previsto nos artigos 63, dos Estatutos Federais, e 73, dos Nacionais.

CAPÍTULO III. ELABORACIÓN DE ORZAMENTOS

Artigo 70. É competencia da CEP elaborar e aprobar o proxecto de presupostos do PSdeG-PSOE de Ourense, que será sometido á consideración do Comité Provincial para a súa aprobación definitiva.

CAPÍTULO IV. FINANCIAMENTO, GASTO E CONTABILIDADE

Artigo 71. No referido a administración, financiamento e contabilidade o PSdeG-PSOE de Ourense estará sometido ó establecido no Capítulo IV dos Estatutos Federais e Nacionais.

CAPÍTULO V. DAS COTAS

Artigo 72. A parte da cota por afiliado que reciba a CEP será a fixada anualmente polo Comité Federal.

As Agrupacións Municipais, por acordo da súa Asemblea e coa autorización da CEF, poderán devolver unha parte das cotas dos militantes, correspondentes a estas, aos compañeiros e compañeiras pensionistas e xubilados/as que polas súas especiais condicións económicas, así o soliciten de forma razoada, motivada e xustificada.

Artigo 73. A CEP poderá propoñer cotas extraordinarias e/ou complementarias para a súa aprobación polo Comité Provincial, debendo contar previamente coa autorización da CEF e da CENG.

Artigo 74. A CEP, en coordinación coa Comisión Executiva Nacional Galega, poderá propoñer ó Comité Provincial, para a súa aprobación, as achegas a realizar polos cargos públicos ou asimilados da provincia, así como os criterios e as normas a seguir ó respecto.

TÍTULO VI. PROCEDIMENTOS ELECTORAIS

CAPÍTULO I. SELECCIÓN DE CANDIDATOS E CANDIDATAS

Artigo 75. A elaboración das listas dos candidaturas do Partido nos diversos procesos electorais, basearase nos seguintes principios:

A igualdade de todos os afiliados afiliadas para acceder aos cargos públicos dependentes do Partido.

A representatividade e proxección social dos candidatos e candidatas.

O mérito, que asegure a selección dos compañeiros e compañeiras máis capacitados/as e, no seu caso, a valoración do labor realizado así como a estimación do potencial de actividade futura que asegure a selección das persoas máis capacitadas.

Atender as necesidades de funcionamento e as especificidades na composición dos Grupos Parlamentarios e Municipais.

A renovación periódica e gradual no exercicio das funcións públicas, evitando a acumulación de cargos tanto orgánicos como institucionais.

A democracia paritaria e a promoción da mocidade.

Artigo 76. A Comisión de Listas Provincial disporá de información suficiente sobre a traxectoria persoal, profesional e política dos candidatos e candidatas e establecerán mecanismos de valoración obxectiva dos seus méritos.

Artigo 77. Os afiliados/as do PSdeG-PSOE de Ourense non poderán desempeñar simultaneamente máis dun cargo institucional de elección directa. Non se terá en conta a este respecto aqueloutros cargos inherentes ou derivados do principal.

As situacións excepcionais que haxa que abordar, serán resoltas pola CENG, a proposta da CEP.

A nivel orgánico procurarase que un/ha militante ocupe unicamente un cargo, non téndose en conta os cargos inherentes ou derivados do mesmo.

Artigo 78. No relativo á forma de selección de candidatos e candidatas da provincia ós diferentes cargos públicos nas listas do Partido será de aplicación o previsto nestes Estatutos, nos Títulos VI e VII dos Estatutos Nacionais, no título VI dos Estatutos Federais e na Normativa reguladora dos Cargos Públicos.

CAPÍTULO II. COMISIÓN PROVINCIAL DE GARANTÍAS ELECTORAIS

Artigo 79. A Comisión Provincial de Garantías Electorais exercerá as súas funcións nos procesos electorais internos de elección de candidatos unipersoais sinalados no artigo 37.1. da Normativa reguladora dos Cargos Públicos.

Terá as seguintes competencias:

1) Comprobar o cumprimento dos requisitos necesarios para a validez das propostas de candidaturas.

- 2) Proclamar os candidatos e candidatas aos procesos electorais internos que cumpran os requisitos previstos.
- 3) Recompilar as actas das mesas electorais e, unha vez terminada a votación, facer o recuento das mesmas, trasladando o resultado ao órgano competente.
- 4) Resolver recursos sobre o proceso electoral interno.

Artigo 80. Composición da Comisión de Garantías Electorais.

A Comisión Provincial de Garantías Electorais estará formada por cinco membros elixidos/as, a proposta da CEP, polo Comité Provincial. Entre eles elixirán un/unha Presidente/a e un/unha Secretario/a.

A condición de membros das Comisións de Garantías Electorais é incompatible cos cargos de membros dos Órganos Executivos do Partido.

Artigo 81. A Comisión de Garantías Electorais constituirase ao inicio dos procesos de selección de candidatos e candidatas referidos no artigo 37.1 da Normativa reguladora dos Cargos Públicos, que afecten ás estruturas provinciais, e cesarán nas súas funcións cando finalicen os mesmos, aténdose a estes efectos ao calendario que estableza o Comité Federal e a Comisión Executiva Federal.

TÍTULO VII. GRUPOS SOCIALISTAS NAS CORPORACIÓNS LOCAIS E NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL

Artigo 82. Os e as representantes locais elixidos nas listas socialistas constitúen os Grupos Socialistas das Corporacións, Provincial e municipais, na provincia.

Os Grupos Socialistas na provincia, para todas aquelas cuestións específicas do seu ámbito territorial, dependerán dos órganos de dirección provinciais e Nacionais, debendo asumir e acatar as súas resolucións e programas en materia política.

Os membros dos Grupos Socialistas explican e dan conta das súas actuacións diante dos Órganos Executivos do Partido.

Artigo 83.

1) A actuación política dos electos socialistas acomódase a un plan de actuación redactado para cada Corporación. Este plan elabórase e aprobase polo Grupo Socialista do respectivo Concello ou Deputación, de acordo cos obxectivos perseguidos polo Partido para a vida local, o programa electoral e as resolucións dos Congressos.

2) A posición dos membros do Partido a manter en plenos e comisións informativas acomodarse ao acordado na reunión do Grupo.

3) Cando un/unha compañeiro/a sexa designado para un cargo non electivo débese nas súas decisións ás indicacións do membro da Corporación pertencente ao noso Partido, a quen legalmente lle corresponda a dirección política desa actividade.

Artigo 84. Tódalas persoas membros dun Grupo Socialista no ámbito provincial aceptan o compromiso de presentar a súa dimisión, se unha vez elixidas causasen baixa no Partido por calquera circunstancia.

Artigo 85. En tódolos casos, as persoas membros dun Grupo Socialista da provincia está suxeitas á unidade de actuación e disciplina de voto.

TÍTULO VIII. XUVENTUDES SOCIALISTAS

Artigo 86. As Xuventudes Socialistas de Galicia, a través das Agrupacións Locais da provincia de Ourense, constitúen a Organización Xuvenil do PSdeG-PSOE na provincia e, en consecuencia, tanto os seus órganos de dirección como os seus militantes están obrigados a aceptar e cumprir as resolucións do Congreso Provincial, os acordos do Comité Provincial e os da Comisión Executiva Provincial.

Artigo 87. As XSG teñen autonomía nas súas Organización de base, concretada na posibilidade de celebrar os seus congresos e de elixir os seus órganos de dirección a todos os niveis, e do xeito que determinen os Estatutos e Regulamentos das XSG, se ben as súas resolucións terán que ser referendadas pola Comisión Executiva Provincial, e non poderán incorrer en contradicións cos estratexias globais adoptadas polos órganos do PSdeG-PSOE na provincia.

As Comisións Executivas Municipais da provincia, impulsarán a incorporación ás XSG dos afiliados e afiliadas menores de 25 anos.

As XSG terán representación, con voz e voto, nos órganos executivos do PSdeG-PSOE de Ourense por medio da persoa que designe a organización xuvenil. Os militantes das XSG na provincia poderán asistir ás Asembleas das Agrupacións Municipais provinciais do PSdeG-PSOE, con voz pero sen voto.

As Comisións Executivas Municipais do Partido da provincia impulsarán a creación de Agrupacións Municipais de XSG na provincia.

A participación das XSG na provincia de Ourense nos Congresos e Conferencias do Partido a nivel provincial determinarase en base ao seu censo regularizado segundo o procedemento establecido para o censo do Partido e baixo a supervisión da Secretaría de Organización, utilizando o mesmo baremo que o aplicado para o resto do Partido, nos termos previstos no artigo 82 do Estatutos Nacionais.

As XSG, por medio das agrupacións locais da provincia, en coordinación co PSdeG, terán a tarefa da elaboración da política socialista para a mocidade.

As Comisións Executivas Municipais, colaborarán de forma regular, económica e politicamente, coas correspondentes Agrupacións Locais das XSG.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS E FINAL

Disposición Adicional Primeira

En todo o non disposto nestes Estatutos, estarase ó establecido nos Estatutos Federais e Nacionais, así como ás Normas e Regulamentos que os desenvolven.

Disposición Adicional Segunda

Os presentes Estatutos, de acordo co previsto no artigo 46 destes Estatutos, serán sometidos á consideración do CNG para a súa ratificación.

Disposición Adicional Terceira

A CEP aplicará no ámbito provincial os mecanismos establecidos pola CENG para garantir o funcionamento coordinado da estrutura provincial e nacional do Partido e para planificar a realización de actos e actividades políticas na provincia.

Disposición Final

Para modificar na súa totalidade os presentes Estatutos será necesario celebrar un Congreso Provincial Extraordinario, convocado con ese fin.